



Concello de Cospeito

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2023

MEMORIA

O Concello de Cospeito convoca dous concursos de disfraces no Pavillón Polideportivo de Feira do Monte o para a celebración do Entroido 2023. Con esta convocatoria preténdese animar a participación activa da cidadanía no Entroido e aportar un contido atractivo a estas festas.

O obxectivo desta iniciativa é o de xerar dinamismo e participación activa da sociedade na celebración dunha das festas máis tradicionais e populares do calendario, tendo en conta que a rápida evolución dos nosos costumes fai preciso que as novas xeracións disfruten das tradicións e as coñezan para que perdure o sentido das festas e da “cultura popular”.

1.- OBXECTO

Os festivales de disfraces terán lugar o día 17 de febreiro de 2023 no Pavillón Polideportivo de Feira do Monte:

- Festival de disfraces infantil: celebrarase a partir das 18:00 horas.
- Festival de disfraces para adultos: celebrarase cando remate o festival infantil, aproximadamente a partir das 23:00 horas.

2.- PARTICIPANTES

2.1.- Festival infantil: Poderán participar todas aquelas persoas interesadas ata os catorce anos de idade entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 18:00 horas. Participarase en tres categorías: individual, parellas e comparsas, nas comparsas poderá participar como máximo 1 adulto, en casos excepcionais onde o número de nenos menores de 14 anos sexa igual ou superior a

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5ME8YS3 | Corrección: <https://concellocospeito.sectelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8



Concello de Cospeito

12 poderán participar 2 adultos.

2.2.- Festival de adultos: Poderán participar as persoas maiores de 14 anos entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 23:00 horas. Haberá tres categorías: individual, parella (dúas persoas) e comparsa (integrada por un mínimo de seis persoas), nas comparsas poderán participar nenos/as de todas as idades cun mínimo de 3 adultos.

3.- INSCRICIÓN

Os participantes deberán cumprimentar a folla de inscrición que corresponda segundo o concurso e a categoría na que queiran participar, que deberán entregar a calquera dos membros do xurado antes do comezo do concurso (Constan como Anexo ás presentes bases). Inscrición infantil: 17:00 horas; Inscrición adultos: 22:00 horas.

4.- NORMAS DE PARTICIPACIÓN

4.1.- Os aspirantes ao concurso de disfraces, seguindo as indicacións que efectúe o xurado, desfilarán e amosarán os seus disfraces, mostrándoos ó público e ó xurado.

4.2.- Os participantes no concurso de comparsas que se celebrará durante o festival de adultos poderán realizar unha actuación na que interpretarán un máximo de tres cancións.

Considerarase comparsa o grupo composto por 6 ou máis persoas.

4.3.- Poderán traer un USB coa música para acompañar a súa interpretación, si así o desexan, que deberá facilitárselle á organización no momento da súa inscrición.

Dado o carácter humorístico desta festa, o Concello non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das persoas participantes.

Cada comparsa deberá designar na súa folla de inscrición un representante que será á persoa á que se lle entregará o premio no caso de resultar gañadora.

4.4.- O mesmo disfraz non poderá participar en 2 categorías distintas.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5MEERYS3 | Corrección: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



Concello de Cospeito

5.- XURADO

Os membros do xurado serán os seguintes:

- **Presidenta:** Natividad Miguez Castro (Tenente de Alcalde do Concello de Cospeito.
- **Vocais:** Rocío García Corbelle (Concelleira de cultura, educación e servicios sociais e tenente de alcalde do Concello de Cospeito.
José Luis Aguiar Anido (traballador municipal).
Elena Carro Cubeiro (Membro da Asociación de Mulleres rurais de Cospeito).
Cruz Anido Araujo (Membro da Asociación de Mulleres rurais de Cospeito).
- **Suplentes:** Álvaro Puente Seijas(Concelleiro de obras e infraestructuras xerais, limpeza viaria, parques e xardíns, protección civil, xuventude, montes e protección agroforestal, tecnoloxías da información e da comunicación, acción rural e gandería e protección do agro do Concello de Cospeito).
Belen Castro García (Membro da Asociación de Mulleres rurais de Cospeito)

No caso de que calquera dos membros non poda asistir será substituída pola persoa designada ou no seu defecto a que sinala a Presidenta.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

6.1.- Concurso de disfraces:

O xurado valorará:

- Elaboración propia e artesanal,
- Complexidade da confección,
- Orixinalidade,
- Maquillaxe e accesorios propios do Entroido,
- Interacción co público e co xurado
- Posta en escena (música, baile, animación, colorido, humor e dramatización).

6.2.- Os membros do xurado disporán dunha táboa para axudar a realizar a valoración dos diferentes concursos. Cada criterio valorarase de 0 a 5 puntos para obter a puntuación final.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5ME8RY53 | Corrección: <https://concellodecospito.sectelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



Concello de Cospeito

Á finalización dos desfiles de disfraces ou da actuación das comparsas os compoñentes do xurado reuniranse para fallar o resultado e facer público os gañadores e levantarán acta do resultado das súas votacións.

Os gañadores serán os que reúnan as maiores puntuacións en cada categoría por orde.

6.3.- Os membros do xurado deberán valorar os disfraces dos participantes no momento de desfilar, aínda que poden aproveitar os momentos previos da festa para facerse unha idea dos detalles e elaboracións dos disfraces.

6.4.- O xurado poderá descartar do concurso aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban comportamentos que podan considerarse ofensivos, vexatorios ou de mal gusto, tanto cara ó público como cara a organización.

6.5.- Previa deliberación, o xurado poderá declarar deserto algún dos premios

7.- PREMIOS

7.1.- Festival de disfraces de adultos:

a) Categoría individual:

- 1º premio: 90 €.
- 2º premio: 70 €.
- 3º premio: 50 €.

b) Categoría parellas:

- 1º premio: 130 €.
- 2º premio: 100 €.
- 3º premio: 80 €.

c) Concurso de comparsas:

- 1º premio: 240 €.
- 2º premio: 150 €.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5ME8RYS3 | Corrección: <https://concellodecosperto.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8



Concello de Cospeito

- 3º premio: 120 €.

Engádesse un premio especial de 120 euros a elección e según criterio dos membros do xurado a unha comparsa que non teña recibido outro premio.

7.2.- O Concello destina a cantidade de 1150 euros en calidade de premios que se imputará á aplicación orzamentaria 338.22699 do orzamento do ano 2023.

8.- PAGAMENTO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios farase mediante cheque a través da modalidade de pago a xustificar, os participantes que resulten premiados deberán asinar o correspondente recibí.

9.- CONFORMIDADE

Todos os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

10.- ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para a ordenación, instrucción e resolución do procedemento derivado das presente bases será a alcaldía

O Alcalde

Armando Castosa Alvariño

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5ME8Y53 | Corrección: <https://concellodecosperto.sectelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8



Concello de Cospeito

ANEXO I FOLLA DE INSCRICIÓN CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAIS

Datos do participante no caso do concurso individual:

NOME E APELIDOS DO PARTICIPANTE		IDADE
NOME CO QUE CONCURSA		
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE		
NIF		
ENDEREZO		
TELÉFONO		
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

O que asina é coñecedor e acepta as Bases que rexen o concurso de disfraces e individuais do Concello de Cospeito para a celebración do Entroido 2023 no Pavillón Polideportivo de Feira do Monte.

Cospeito, a 17 de febreiro de 2023

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5ME8YS3 | Corrección: <https://concellodecospeito.sectelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



Concello de Cospeito

ANEXO II: FOLLA DE INSCRICIÓN CONCURSO DE PARELLAS

Datos dos participantes no caso do concurso de parellas:

NOME DA PARELLA:

NOME A APELIDOS DOS INTEGRANTES	NIF	IDADE
REPRESENTANTE		
NOME E APELIDOS:		
ENDEREZO:		
TELÉFONO:		
ENDEREZO ELECTRÓNICO:		

O que asina é coñecedor e acepta as Bases que rexen o concurso de disfraces de parellas do Concello de Cospeito para a celebración do Entroido 2023 no Pavillón Polideportivo de Feira do Monte.

Cospeito, a 17 de febreiro de 2023

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 56S644QT3KTCXRRP5ME8RYS3 | Corrección: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

